

BANDO MUNICIPAL SAN XOÁN 2021

Valentín González Formoso, alcalde do Concello das Pontes, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril

FAGO SABER

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, o Concello das Pontes comunica a adopción das seguintes medidas relativas á celebración da noite de San Xoán no termo municipal das Pontes.

1. Prohibir a celebración, este ano, das tradicionais fogueiras de San Xoán en solo público municipal así como en áreas de xestión municipal durante o día 23 de xuño e na madrugada do 24 de xuño.
2. Permitir a realización de fogueiras en terreos particulares, debendo respectarse as condicións previstas para este Concello en función do nivel de restricións vixentes na data de celebración do San Xoán, así como as condicións xerais, medidas preventivas e de seguridade que detallas a continuación.

Condicións xerais:

Este Bando afecta unicamente a aquelas fogueiras que sexan realizadas en terreos particulares, o día 23 de xuño e durante a madrugada do día 24 de xuño. As fogueiras poderán realizarse unicamente o día 23 de xuño, podendo permanecer prendidas durante a madrugada do día 24 de xuño. En calquera caso as fogueiras deberán quedar perfectamente apagadas antes das 06.00 horas do día 24 de xuño.

Unicamente se poderán realizar aquelas fogueiras que teñan efectuada a comunicación, por escrito, ao Concello das Pontes. Estas comunicacións presentaranse preferentemente a través do Rexistro Electrónico do Concello das Pontes. Opcionalmente, poderanse presentar de forma presencial no Rexistro do Concello, previa cita nos teléfonos

Só se autorizan fogueiras en terreos particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais).

- Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuario, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas.

Medidas preventivas:

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.

Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.

Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

A persoa responsable deberá ter a man medios adecuados para a extinción do lume.

O montón de materiais que forme a cacharela non poderá exceder de 1 metro de altura.

Outras medidas/condicións

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.

Responsabilidades

A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houberse lugar no caso de que o solicitante concorra en neglixencia ou imprudencia.

Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas da veciñanza poderase requirir a extinción das fogueiras.

Observacións

- Non son obxecto de regulación por este bando as comunicación de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

- O cumprimento destas normas poderá ser comprobado pola Policía Local ou, polos Bombeiros que darán conta, de ser o caso, das incidencias ou infraccións detectadas.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

As Pontes, 11 de xuño de 2021

Valentín González Formoso

Alcalde das Pontes